

**PROCEDEMENTO:** CT207M –Subvencións a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual ao amparo dos fondos de Next Generation EU e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Regulamento UE 2021/241.

**ASUNTO:** Resolución de nomeamento da Comisión de Valoración

## ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 20 de marzo de 2024 publicouse a Resolución do 7 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para acometer melloras relacionadas coa innovación e a dixitalización que aposten pola sustentabilidade así como para adoptar medidas dirixidas a captar novos públicos e de adaptación aos novos hábitos de consumo de produtos audiovisuais, ao amparo dos fondos de Next Generation EU e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Regulamento UE 2021/241 (código de procedemento CT207M).
2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que, para avaliar os proxectos que se presenten a esta convocatoria, se constituirá unha comisión de valoración nomeada pola persoa titular da Dirección Axencia Galega das Industrias Culturais.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.
2. O artigo 15 das bases da convocatoria para a concesión de subvencións a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para acometer melloras relacionadas coa innovación e a dixitalización que aposten pola sustentabilidade así como para adoptar medidas dirixidas a captar novos públicos e de adaptación aos novos hábitos de consumo de produtos audiovisuais, ao amparo dos fondos de Next Generation EU e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Regulamento UE 2021/241, convocadas para o 2024, establece o seguinte:



- Que o director da Agadic nomeará as persoas, con asignación de funcións, que formarán parte da comisión de valoración que se constituirán para a avaliación das solicitudes e proxectos presentados. Esta comisión terá a consideración de órgano colexiado e seralle de aplicación a sección 3ª da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Que a Comisión de Avaliación, de carácter paritario de homes e mulleres, estará constituída por catro persoas: dúas persoas en calidade de profesionais expertas do ámbito audiovisual, das que unha exercerá a presidencia e dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, das que unha exercerá a responsabilidade da secretaría da comisión, con voz pero sen voto.
- Que a condición de membro da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. As persoas que formen parte da comisión declarararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria e absteranse se se dan algunha das circunstancias do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En base ao exposto

## RESOLVO

Nomear a comisión de valoración deste procedemento que, segundo o artigo 15 das bases que rexen a convocatoria, terá a seguinte composición:

- Como persoas profesionais expertas do ámbito audiovisual

Diego Vázquez Meizoso, en calidade de presidente  
Uxía Caride Blanco, en calidade de vogal

- Como persoas representantes do cadro de persoal da Agadic

Miguel Anxo Fernández Fernández, en calidade de vogal  
Xiana Raposo Díaz, en calidade de secretaria

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta

